



# Laboratorio de ANTÓN

<<DENSIDADE>>

1º PROBA: Escribe unha X na resposta correcta.


1-.Como se lle chama á relación que existe entre a masa dunha substancia (ou dun corpo) e o seu volume?			
Gravidade	Peso	Inercia	Densidade

2-.Cando ten un corpo menor densidade?			
En estado sólido.	En estado líquido.	En disolución.	En estado gaseoso.

3-.Que filósofo grego deduciu que se somerxemos un obxecto en auga o empuxe da auga é igual ao peso do volume de auga ocupada polo corpo?			
Galileo	Joule	Newton	Arquímedes

4-.Cal destas unidades de medida da densidade se usa frecuentemente?			
Kg/m <sup>3</sup>	dg/cm <sup>3</sup>	Kg/cm	km/ml

5-.Que valor de densidade tería un obxecto que pesa 300 kg e ocupa 3 m <sup>3</sup> ?			
300kg/m <sup>3</sup>	100g/m <sup>3</sup>	100kg/m <sup>3</sup>	100kg/cm <sup>3</sup>



**2º PROBA: Verdadeiro ou falso. Escribe unha X na opción correcta e xustifica a túa resposta.**

1-.Cando metemos en auga un corpo moi denso, este afúndese.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

2-. Os submarinos conseguen afundirse sacando auga duns depósitos que levan no seu interior.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

3-. A capacidade dun corpo para manterse na superficie dun fluído chámase flotabilidade.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

4-. Cando metemos en auga un corpo moi denso flota.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

5-. Cando metemos na auga un corpo con moi pouca densidade o corpo flota.	
VERDADEIRO	FALSO
Xustifica a túa resposta:	

3º PROBA: Escribe unha X na resposta correcta.

1-. Á relación que existe entre a masa dunha substancia (ou dun corpo) e o seu volume, denomínase		
potencial.	gravidade.	densidade.

2-. Se un corpo é máis denso que a auga, o peso é maior que o empuxe e o corpo .....		
flota.	afúndese.	disólvese.

3-. Se o corpo é menos denso que a auga, o empuxe é maior que o peso, e o corpo.....		
flota.	afúndese.	disólvese.

4-. Cando os depósitos dun submarino están cheos de aire, o empuxe da auga é maior que o peso, e o submarino.....		
somérxese.	flota.	afúndese.

5-. A densidade dos corpos é unha propiedade ...		
constante.	variable.	uniforme.



4º PROBA: resolve os problemas e descobre o código secreto de Antón

A densidade exprésase en quilogramo por metro cúbico ( $\text{kg}/\text{m}^3$ ). Se collemos dous obxectos cun volume de  $20\text{m}^3$ , un cunha masa de  $600\text{Kg}$  e outra de  $200\text{kg}$ . Cal terá maior densidade? Calcula no teu caderno



A densidade exprésase en quilogramo por metro cúbico ( $\text{kg}/\text{m}^3$ ). Se collemos dous obxectos cunha masa de  $600\text{kg}$  pero unha ocupa  $30\text{m}^3$  e outra  $10\text{m}^3$ . Cal ten maior densidade? Calcula no teu caderno

**Código secreto:**  
**Suma de densidades do 1º exercicio**  
**Suma de densidades do 2º exercicio**



Código secreto de Antón: